



# Paco de Lucía, 'doutor honoris causa' en Boston

**AXENCIAS**

**GALICIA**

cultura@xornaldeg Galicia.com

O guitarrista gaditano Paco de Lucía (Alxeciras, 1943) será investido o próximo 8 de maio co título *doutor honoris causa* de Música polo Berklee College of Music de Boston, ao considerar que “a súa música e a súa visión artística influíron en varias xeracións de músicos e contribuíron a difundir o flamenco entre un público internacional”.

A decisión que tomou a prestixiosa institución estadounidense responde á proposta realizada por Eduardo Bautista, presidente do

Consello de Dirección da SGAE e membro do Board of Trustees (Consello Reitor), do Berklee College of Music, que promoveu o outorgamento deste mérito ao músico andaluz.

“Paco de Lucía é probablemente o músico máis completo e internacional da canteira cultural española. Ao ser investido *honoris causa*, o flamenco e a música española toman o seu lugar entre os máis prestixiosos grupos de talentos do mundo que constitúe o cadro de doutores do Berklee College of Music”, sinalou Bautista.

De Lucía converterase así no primeiro español en recibir esta dis-

tinción, coa que xa contan nomes como David Bowie, Phil Collins, Aretha Franklin, Rubén Blades, George Benson, Juan Luis Guerra, Duke Ellington, B.B. King, Quincy Jones, Paul Simon, Steve Winwood ou Herbie Hancock.

**CONCERTO HOMENAXE**

O guitarrista recibirá o título oficialmente o próximo 8 de maio nunha cerimonia que terá lugar no Agganis Arena da Universidade de Boston, un auditorio con capacidade para máis de 6.000 espectadores. O día antes, este escenario acollerá un concerto no que un grupo de alumnos do Berklee College of Music inter-

pretará algunhas das máis de 200 obras que creou este artista na súa longa carreira profesional.

Paco de Lucía –nome artístico de Francisco Sánchez-Gómez– está considerado como o mestre absoluto e rotundo do mellor toque flamenco de todos os tempos. Comezou a súa carreira, sendo un neno, xunto co seu irmán Pepe. A partir dese momento, o seu despegue foi practicamente inmediato e a súa proxección internacional foi aumentando pouco e pouco. En 1964 sae o seu primeiro traballo en solitario dun total que supera a vintena. O seu último disco foi *Cositas buenas*, que foi publicado en 2004. ■